

Proceso selectivo: Inspector principal dos Corpos da Policía Local

Publicación bases e convocatoria: DOG número 82, do 30.04.2025

Publicación nomeamento tribunal: DOG número 137, do 18.07.2025

Resolución 1-2025 do 18 de xullo de 2025 do tribunal nomeado para cualificar o proceso selectivo unitario por promoción interna nos corpos da Policía Local, escala executiva, categoría de inspector/a principal, pola que se lle da publicidade a diversos acordos.

Nas sesións deste tribunal que tiveron lugar entre os días 23 de xuño de 2025 e 17 de xullo de 2025, de conformidade coas bases da convocatoria deste proceso selectivo, adoptou por unanimidade os seguintes acordos:

- Informar da constitución válida e legal deste órgano colexiado
- 1º exercicio: proba de avaliación de coñecementos:

1. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico práctico de **cento vinte (120) preguntas tipo test** mais 5 preguntas de reserva, relacionado co temario recollido no anexo III da orde da convocatoria.

Cada resposta incorrecta ou non contestada, descontará un terzo dunha pregunta correcta.

O tempo máximo de duración deste exercicio é de cento vinte (120) minutos.

A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: $N=(A-F/3)/12$, sendo N=nota final da proba; A=preguntas acertadas; F=preguntas falladas ou non contestadas.

O tribunal excluírá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

A corrección desta proba, realizarase inmediatamente finalizado o tempo máximo de realización da mesma, en acto público ao que pode asistir o persoal opositor interesado.



1. A proba realizarase **na aula 1 da Academia Galega de Seguridade Pública**, sita no segundo andar do aulario (Rúa da Cultura, s/n, 36680 A Estrada), e o chamamento comezará **as 11:00 horas o día 23 de xullo de 2025**.
2. As persoas aspirantes deberán asistir provistas do seu DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade, e mantelo en todo momento que dure a proba, visible e dun bolígrafo de tinta cor azul.
3. Non estará permitido o acceso a aula onde se vai a desenvolver a proba con ningún aparello electrónico, nin de telefonía móbil (reloxos intelixentes, axendas electrónicas.. etc.)

Pontevedra, a 18 de xullo de 2025

A Presidenta do Tribunal

Maria Rey Rivera

